


# Estupor ou espanto

**Spam** · Francisco Castro · Galaxia.  
2006 · 130 páx. · 12 euros



O libro transmite, malia as chufas do narrador, un desacougo de baixa intensidade consecuencia da descrición dun mundo que, se parece demasiado ao noso.

Depois de abordar na súa última novela (*Xeración perdida*) unha sorte de axuste de contas coa súa propia mocidade, Francisco Castro dá, con este libro, un salto no baleiro de consecuencias aínda por determinar. Unha empresa dedicada a algo que queda sen explicar, un director de recursos humanos autor dunha exitosa xestión económica e un director xeral (como ausente) que despreza cordialmente o anterior. Con estes vimbios e a instalación dunha intranet na empresa, arranca un paseo literario polos abismos dalgúns dos males máis estendidos do noso tempo: a ruína das relacións laborais baixo a camuflaxe dunha xestión pretendidamente máis «humana», as adicións contemporáneas (fundamentalmente o *voyeurismo* a escala planetaria), os múltiples recunchos das identidades e a imposibilidade de establecer relacións verdadeiras cos demais sen a mediación dunha pantalla.

Ao igual que no libro anterior, o narrador insiste moito na súa propia existencia («deus omnipotente», di de si mesmo nalguna das súas páxinas), intervindo quizais máis do necesario para aclarnos que si, que efectivamente el é o narrador e ten o control da historia. Esta voz, ás veces un pouco cargante, non consegue, malia os seus intentos, desactivar o pequeno artefacto explosivo en forma de libro que temos entre mans. O personaxe protagonista, o Gómez, está construído con minuciosidade para ir cubrindo progresivamente a escala que comeza en «repulsivo» e remata en «patético». Observador maniaco das vidas alleas (incluíndo as dos seus empregados), adicto ao cibersexo, ás webcams de contidos pornográficos, así como a todo aquilo que proporcione unha visión en tempo real dalgún dos milleiros de aspectos da humanidade, e fiel servidor do seu amo, representa un carácter moi frecuente nos nosos tempos: alguén completamente amoral que, porén, está posuído por un sentido do deber que ten algo case relixioso. Un incidente no seu microcosmos particular —a empresa na que desenvolve as súas facultades— levarao ao bordo da tolemia e a emprender

unha busca que terá consecuencias inesperadas na súa vida. Partindo desta mínima anécdota argumental, o libro escava con brillantez nesta personalidade obsesiva e paranoica que, paradoxalmente, pretende pasar por ser «o normal» diante dos demais. Este xefe tolo e pasado de voltas reina na súa empresa convencido de que as súas decisións voyeurístico-empresariais non son só as necesarias para a boa marcha da empresa, senón que son boas para os propios empregados aos que trata paternal ou despectivamente segundo lle conveña.

Di Slavoj Žižek que as pantallas xa non son unha mediación da realidade, senón a propia realidade. Todo o libro parece xirar en torno a esta idea. As pantallas nas que Gómez observa os empregados, o mundo, as protagonistas das páxinas porno que visita, son máis reais cá realidade. Son o seu mundo verdadeiro. E ademais, Gómez quere ser, como di Chuck Palaniuk en *Pantasmás* o home que está detrás da cámara que está detrás da cámara que está detrás da cámara, ignorando que esta cadea, en vez de ser lineal e ter un principio e unha fin, en realidade é circular: todos estamos á vez diante e detrás da cámara, e a ilusión de estar ao final dunha longa secuencia de cámaras é un erro que pode ter consecuencias catastróficas. O libro transmite, malia as chufas do narrador, un desacougo de baixa intensidade consecuencia da descrición dun mundo que, no seu desquiciamento, se parece demasiado ao noso. E os costumes compulsivos do protagonista e a súa convicción de estar facendo o correcto malia saber que en realidade é un tolo lémbrennos a moita xente que, baixo un disfraz de normalidade absoluta, agocha un abismo de comportamentos perturbados.

Un libro, en definitiva, que bota unha mirada corrosiva sobre certos males do noso tempo, agochados hoxe baixo o paraugas das novas tecnoloxías pero tan vellos coma a propia humanidade. Unha pequena viaxe por certos abismos da condición humana e, de paso, pola deteriorada trama das relacións sociais e persoais. Un libro de lectura intensa tras a que a un lle queda conxelado na cara un aceno que non se sabe moi ben se é de estupor ou de simple e puro espanto.

// Eloy García Domínguez